

# INSTRUCCIÓN AG/DF-EXP Nº 3/2024 V01: HOMOLOGACIÓN DE ESPECIALIDADES FORMATIVAS E COMUNICACIÓN DE INICIO PREVIA A IMPARTICIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN PARA A CAPACITACIÓN INICIAL DO PERSOAL QUE MANEXE ANIMAIS UTILIZADOS, CRIADOS OU SUBMINISTRADOS CON FINS DE EXPERIMENTACIÓN E OUTROS FINS CIENTÍFICOS, INCLUÍDO A DOCENCIA, REGULADA NA ORDE ECC/566/2015, DO 20 DE MARZO.

## 1. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Directiva 2010/63/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro de 2010, relativa á protección dos animais utilizados para fins científicos (DOUE do 20 de outubro de 2010).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro, polo que se establecen as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados na experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia (BOE núm. 34, do 8 de febreiro de 2013).
- Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexa animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia (BOE núm. 78, do 1 do abril de 2015).
- Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 102, do 30 de maio de 2018).
- Decreto 296/2008, do 30 de decembro, de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, e polo que se crea o Rexistro dos centros de cría, de subministradores e usuarios e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación (DOG núm. 11, do 16 de xaneiro de 2009).
- Decreto 60/2007, do 22 de marzo, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, se establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o rexistro destas (DOG núm. 67, do 4 de abril de 2007).

## 2. OBXECTO DA INSTRUCIÓN

Esta instrución ten por obxecto:

- a) Detallar o procedemento que deben seguir as entidades para:





- Solicitar a homologación de especialidades formativas como paso previo para impartir cursos de formación dirixidos á capacitación inicial do persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, regulada na Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo.
  - Comunicar o inicio de cada curso.
  - Comunicar a finalización de cada curso. Este acto posibilitará, logo da solicitude da persoa interesada e no caso das funcións "d", "e" e "f", a emisión por parte da Agacal das capacitacións iniciais.
- b) Describir o procedemento que debe seguir o órgano competente para resolver as solicitudes de homologación anteditas e emisión dos certificados de capacitación que se deriven.

### 3. ANTECEDENTES

A Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, establece:

- a) Os requisitos que deben cumprir os cursos de formación dirixidos á obtención da capacitación inicial nas diferentes funcións descritas no Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro. A norma considera que os requisitos e procedementos derivados para o seu recoñecemento sexan desenvolto polo órgano competente que corresponda en cada territorio.
- b) Os requisitos que deben cumprir as entidades responsables da impartición dos cursos. A norma considera que estes requisitos e procedementos derivados sexan desenvolto polo órgano competente que corresponda en cada territorio.

O Decreto 296/2008, do 30 de decembro, dita as normas para a formación das persoas que traballan nos centros de cría, subministradores ou usuarios de animais que son utilizados para a experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

A través do Decreto 52/2018, do 5 de abril, creouse a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) e aprobáronse os seus estatutos. En virtude deste decreto, correspóndelle á Agacal realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de formación, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma. A Agacal é o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia para o recoñecemento dos cursos de formación e das entidades que os imparten, dirixidos á obtención da capacitación inicial para realizar as diferentes funcións descritas na Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo.



#### 4. ESPECIALIDADES FORMATIVAS SUSCEPTIBLES DE SER HOMOLOGADAS. ESTRUCTURA MODULAR

A Agacal poderá autorizar a impartición de cursos a petición das entidades que así o soliciten, en calquera das seguintes especialidades formativas :

- Función "a": Coidado dos animais.
- Función "b": Eutanasia dos animais.
- Función "c": Realización dos procedementos.
- Función "d": Deseño dos proxectos e procedementos.
- Función "e": Asumir a responsabilidade da supervisión *in situ* do benestar e coidados dos animais.
- Función "f": Asumir a responsabilidade do veterinario designado.

As entidades deberán estar homologadas nunha especialidade formativa como paso previo á impartición dos cursos correspondentes a esta, quedando exceptuadas desta indicación as unidades propias da Consellería do Medio Rural.

As especialidades formativas poderán estar orientadas a un ou máis grupos de especies.

Con anterioridade ao inicio do curso, a entidade deberá comunicar ao Departamento de Formación da Agacal os módulos que pretenda impartir. Atendendo ao establecido no artigo 17.1 da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, a entidade poderá escoller entre os módulos das diferentes especialidades formativas que teña previamente homologadas, podendo configurar:

- a) cursos dirixidos á capacitación nunha única función ou
- b) cursos ponte entre funcións

As entidades poderán organizar cursos sobre diferentes especialidades formativas ao mesmo tempo, de maneira que a impartición de módulos comúns a varias funcións se poida levar a cabo de xeito simultáneo.

#### 5. REQUISITOS DAS ENTIDADES QUE IMPARTEN CURSOS DE FORMACIÓN

As entidades deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas.
- b) Contar coa solvencia técnica, medios humanos e materiais necesarios para o seu desenvolvemento.





- c) Manter a documentación concernente a cada curso e aos módulos que inclúan a disposición do órgano competente durante un período mínimo de 5 anos, contados dende a data de finalización de cada edición.
- d) Ter contratada, con anterioridade ao inicio do curso, unha póliza colectiva de accidentes, para o alumnado e profesorado, e de responsabilidade civil fronte a terceiros, que cubran os posibles danos que se poidan ocasionar no seu desenvolvemento.
- e) Ademais, de acordo co Decreto 296/2008, do 30 de decembro, para impartir cursos, as entidades deben atoparse nalgún dos seguintes supostos:
- Ser unha unidade propia da Consellería do Medio Rural.
  - Ser un centro pertencente ao sistema universitario de Galicia.
  - Ser un centro oficial que imparta formación profesional regrada da rama agraria, química ou sanitaria.
  - Ser unha entidade previamente autorizada para impartir formación en materia de bienestar animal, debidamente rexistrada de acordo co disposto no Decreto 60/2007, do 22 de marzo. A inscrición no rexistro farase a través do procedemento MR205A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/>

## 6. REQUISITOS DOS CURSOS DE FORMACIÓN

A organización dos cursos de formación nesta materia deberá realizarse conforme os requisitos dispostos nos artigos 16 e 17 da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo.

A Agacal establecerá controis regulares ás entidades que impartan formación para garantir o cumprimento da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, en especial, a adecuación do desenvolvemento dos cursos de formación ás condicións do seu recoñecemento. A Agacal poderá suspender ou retirar o recoñecemento dos cursos de formación no caso de detectar incumprimentos respecto das condicións que deron lugar ao recoñecemento, logo da audiencia da persoa interesada.

## 7. CONTIDOS E DURACIÓN MÍNIMA DOS MÓDULOS DAS ESPECIALIDADES FORMATIVAS

Os programas formativos propostos polas entidades formativas e a duración dos módulos que os integran estarán baseados nos resultados de aprendizaxe que se recollen no anexo I da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo. Estarán estruturados en dúas partes: unha parte teórica e unha parte práctica, atendendo á natureza dos módulos que se impartan.



## **8. REQUISITOS DO PERSOAL DOCENTE E DA PERSOA COORDINADORA**

As entidades designarán unha persoa responsable que asegurará o correcto desenvolvemento da acción formativa. Esta persoa deberá estar en posesión dunha titulación universitaria. Ademais, os cursos deberán ser impartidos polo persoal docente que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ter unha cualificación adecuada na materia que teña asignada, sendo persoas cunha titulación universitaria nas ramas de coñecemento de ciencias ou ciencias da saúde.
- b) Estar capacitado nunha función que englobe o módulo que vai impartir.
- c) Poderá contar coa colaboración doutro persoal especializado en materias específicas dos contidos do módulo que se trate, como poderían ser os eidos da lexislación, estatística, prevencións de riscos laborais etc.
- d) Estar debidamente capacitado para realizar a función na especie que proceda, consonte a Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, no caso de empregar animais vivos.

## **9. CRITERIOS NECESARIOS PARA A SUPERACIÓN DOS CURSOS**

O alumnado deberá cursar o 100 % das horas correspondentes a cada módulo e terá que superar unha proba de avaliación obxectiva, onde se comprobará a aprendizaxe dos contidos descritos no anexo I da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, para cada un dos módulos. A proba de avaliación será elaborada pola entidade organizadora e deberá atender aos seguintes criterios:

- a) Consistirá nun cuestionario tipo test onde cada pregunta terá 4 posibles respostas, das que soamente 1 será a válida. As preguntas sen contestar ou erróneas non penalizarán.
- b) Estará estruturada en dous bloques diferenciados. Un bloque incorporará preguntas sobre os módulos fundamentais ou troncais e o outro bloque incorporará preguntas sobre os módulos específicos da función.
- c) O total de preguntas por módulo será coincidente co número de horas de duración establecido para este no anexo I da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, cun mínimo de 3. Non obstante, os módulos "bioloxía básica e adecuada, nivel 2" e "métodos incruentos de sacrificio, nivel 2" constarán de 6 preguntas.
- d) A porcentaxe mínima para obter a cualificación de APTO será de polo menos o 60 %. Esta porcentaxe deberá acadarse de xeito independente no bloque de módulos fundamentais ou troncais e no bloque específico.
- e) O alumnado declarado NON APTO terá outra oportunidade para examinarse, sen necesidade de volver inscribirse noutro curso, e deberá transcorrer polo menos unha semana entre avaliacións.



- f) Nos cursos ponte, a proba de avaliación centrarase exclusivamente nos módulos específicos que non fosen abordados na función precedente.

## 10. REQUISITOS DOS DIPLOMAS DOS CURSOS

A entidade organizadora emitirá un diploma acreditativo para aquel alumnado que curse o número mínimo de horas establecido na normativa de aplicación e supere a proba de aptitude que corresponda.

O diploma será emitido para cada curso e, polo tanto, para unha única función. Co fin de facilitar a comprobación da súa autenticidade, recoméndase que sexa emitido en formato PDF e asinado electronicamente. Ademais, conterá a seguinte información:

- No anverso:
  - Nome, apelidos e documento de identificación do/a alumno/a.
  - Datos de identificación da entidade que impartiu o curso.
  - Data da resolución da homologación, emitida pola Agacal, que autoriza a entidade a impartir cursos na especialidade formativa reflectida no diploma. **Quedan exceptuados desta indicación as unidades propias da Consellería do Medio Rural.**
  - Título do curso: en todos os casos, o título deberá facer referencia á Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo:
    - Se o curso estivese dirixido á capacitación nunha función, deberá indicarse a letra e o nome desta, ademais do(s) grupo(s) de especies implicado(s).
    - Se a entidade imparte módulos independentes, deberá indicar o nome do módulo e o(s) grupo(s) de especies implicado(s).
    - No caso dun curso ponte para obter unha capacitación nunha nova función ou nun novo grupo de especies partindo doutra capacitación anterior, a dita circunstancia deberá quedar especificada no documento. En todos os casos, deberá quedar reflectida a función e o(s) grupo(s) de especies sobre os que versaron os módulos cursados e a función previa da que se parte.
  - Datas de inicio e fin do curso.
  - Sinatura da persoa coordinadora da especialidade formativa.
- No reverso:



- Relación de módulos cursados e superados polo alumnado, indicando a súa duración en horas.
- Sinatura da persoa coordinadora da especialidade formativa.

## 11. PARTICULARIDADES DA FORMACIÓN NON PRESENCIAL

Os cursos de formación poderán impartirse total ou parcialmente nas modalidades presencial ou non presencial, sempre que, neste último caso, a natureza do módulo ou módulos que se vaian impartir así o permita.

Dentro da modalidade non presencial hai que ter en conta dúas posibilidades:

- Teleformación. Defínese teleformación como todas aquelas accións relacionadas coa formación que se realizan a través da internet e que non están suxeitas nin a un horario nin a un lugar concreto. Cómpre contar coas ferramentas necesarias para garantir a interrelación entre o alumnado e o persoal docente.
- Aula virtual. Defínese a aula virtual como a contorna de aprendizaxe onde o/a titor/a-formador/a e o alumnado interactúan, de forma concorrente e en tempo real, a través dun sistema de comunicación telemático de carácter síncrono que permita levar a cabo un proceso de intercambio de coñecementos, coa fin de posibilitar unha aprendizaxe das persoas que participan na aula.

Os principais elementos e características propias das modalidades anteditas poden consultarse na seguinte ligazón <https://agacal.xunta.gal/gl/formacion/entidades-colaboradoras/inscripcion-de-entidades>:

- INSTRUCIÓN AGACAL/DF N° 1/2024: Autorización de cursos na AULA VIRTUAL impartidos por entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural e de formación en materia de benestar animal
- INSTRUCIÓN AGACAL/DF N°2/2024: Autorización de cursos en TELEFORMACIÓN impartidos por entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural e de formación en materia de benestar animal



## 12. SOLICITUDE DE HOMOLOGACIÓN DE ESPECIALIDADES FORMATIVAS

### Prazo de presentación das solicitudes

O prazo para a presentación das solicitudes estará aberto todo o ano.

### Resolución das solicitudes e notificación

A Agacal é o órgano competente para o recoñecemento de cursos que se impartan no ámbito territorial de Galicia. Segundo a recomendación do anteriormente denominado Ministerio de Economía e Competitividade, cuxas funcións relativas á experimentación animal foron asumidas polo actual Ministerio de Ciencia e Innovación, a Agacal é o órgano competente para o recoñecemento de cursos en liña impartidos por entidades que teñan a súa sede en Galicia.

A Agacal disporá dun prazo de dous meses para resolver o procedemento.

Unha vez revisada a documentación e no caso de que esta sexa correcta, a Agacal emitirá unha resolución de homologación da especialidade formativa, onde se especificarán os módulos, funcións e especies ou grupos de especies aos que vai dirixido. A entidade obterá, deste xeito, a autorización necesaria para impartir cursos de formación durante un período de 5 anos.

No caso de advertirse algunha falla ou erro na documentación presentada, farase un requirimento á entidade solicitante, para que emende a solicitude no prazo de dez días hábiles contados dende a súa recepción.

A notificación da resolución e actos administrativos asociados practicaranse por medios electrónicos.

### Presentación das solicitudes

O procedemento iníciase coa solicitude da entidade interesada. Deberá realizarse obrigatoriamente por vía electrónica a través do procedemento MR560A (autorización de entidades que imparten cursos de capacitación de persoal que traballa con animais para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, a través da seguinte ligazón:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR560A>

### Documentación que cómpre presentar xunto coa solicitude

- a) Acreditación da representación fidedigna por calquera medio válido en dereito.
- b) Documentación que acredite que a entidade está legalmente constituída.







- c) Resolución de inscrición no rexistro de entidades que imparten cursos en materia de benestar animal, regulado polo Decreto 60/2007 do 22 de marzo, no caso de NON se atopar en ningún dos seguintes supostos:
- Ser unha unidade propia da Consellería do Medio Rural.
  - Ser un centro pertencente ao sistema universitario de Galicia.
  - Ser un centro oficial que imparta formación profesional regrada da rama agraria, química ou sanitaria.
- d) Memoria do curso e programa que se vai impartir, que conterá a seguinte información:
- Obxectivos xerais da especialidade formativa.
  - Desenvolvemento suficientemente detallado dos contidos dos módulos que permita comprobar que están baseados nos resultados de aprendizaxe descritos no anexo I da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo. Deberá recoller a duración total de cada módulo e, de ser o caso, discriminará as horas teóricas e prácticas. Igualmente recollerá os grupos de especies aos que vai dirixido.
  - Unha vez que a Agacal publique manuais de elaboración propia que desenvolvan os contidos mínimos que deberá abranger cada especialidade formativa, as entidades que soliciten a homologación deberán adaptarse a estes.  
No caso da impartición na modalidade de teleformación, a entidade deberá dispoñer na plataforma os contidos desenvolvidos do curso para a súa validación pola Administración. Ademais, deberá elaborar un Plan de formación detallado e específico para o sistema de formación de que se trate, que inclúa unha descrición do sistema de formación que permita verificar a actividade impartida ao alumnado e que garanta a súa seguridade e eficacia, e que poida ser certificable.
  - Modelo de exame conforme o sinalado no apartado 9 desta instrución.
  - Datas inicialmente previstas para impartir os cursos. As datas concretas de cada curso serán informadas pola entidade no momento de comunicar o seu inicio.
- e) Con respecto á persoa coordinadora da acción formativa, a entidade deberá achegar:
- Copia do DNI/NIE
  - Copia autenticada ou coa sinatura electrónica do título universitario
  - *Curriculum vitae*
- f) Cadro de profesorado e relación das materias que vai impartir cada docente acompañado da seguinte documentación:





- Copia do DNI/NIE
- Copia autenticada ou coa sinatura electrónica do título académico
- Copia autenticada ou coa sinatura electrónica das capacitacións en experimentación animal do corpo docente
- *Curriculum vitae* de cada membro do corpo docente. O formato é libre, pero deberá conter de forma clara a seguinte información:
  - Nome, apelidos e DNI.
  - Capacitacións en materia de experimentación animal, onde se especifique de xeito expreso a función e especies para as que a persoa está capacitada.
  - Formación, indicando unicamente as titulacións universitarias e os cursos relacionados coa experimentación animal e/ou con outros eidos relativos aos contidos que se vaian impartir.
  - Experiencia profesional, indicando unicamente os postos desempeñados relacionados coa experimentación animal, coa formación ou con outros eidos relativos aos contidos que se vaian impartir.

A presentación da documentación relativa ao cadro de profesorado poderá realizarse nun momento posterior. En concreto, poderá diferir a súa presentación ata os 10 días hábiles anteriores ao comezo da acción formativa, sempre e cando achegue, xunto coa súa solicitude, o anexo IV de compromiso de presentación da documentación con anterioridade ao inicio da acción formativa.

**NOTA:** A presentación dos documentos para a comprobación da identidade (DNI/NIE) e/ou da titulación académica sinalados anteriormente para a persoa coordinadora e persoal docente poderá substituírse pola presentación do modelo de "**Comprobación de datos de terceiras persoas**", debidamente cuberto e asinado polos interesados, que se xunta a esta instrución (ver anexo II)

Lémbrese que, para ser válido, o **documento referido deberá ser asinado electronicamente pola entidade solicitante. A sinatura manuscrita por parte da entidade obrigará a autenticación do documento.**

- g) Modelo de diploma que se outorgará ao alumnado, atendendo ao disposto no apartado 10.
- h) Os centros pertencentes ao sistema universitario de Galicia ou centros oficiais que impartan formación profesional regrada da rama agraria, química ou sanitaria



deberán achegar a póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra a totalidade do persoal docente e alumnado, ou compromiso de achegala con anterioridade ao inicio da acción formativa. Alternativamente, a presentación desta póliza poderá realizarse nun momento posterior. En concreto, poderá diferir a súa presentación ata os 10 días hábiles anteriores ao comezo da acción formativa, sempre e cando se xunte coa súa solicitude o anexo IV de compromiso de presentación da documentación con anterioridade ao inicio da acción formativa.

#### Presentación da documentación complementaria

No caso de que a Administración requira documentación complementaria para resolver a solicitude, esta será presentada por vía electrónica a través da acción "emenda ao requirimento" asociada á súa solicitude.

#### Comprobación de datos

No caso de que os interesados non se opoñan á consulta, a Administración realizará a comprobación dos documentos que se indican a continuación:

- NIF da entidade solicitante.
- DNI/NIE da persoa representante.
- DNI/NIE do persoal docente e coordinador.
- Titulacións académicas do persoal docente e coordinador.

Igualmente, a Administración comprobará que as entidades están rexistradas e autorizadas para impartir formación en materia de benestar animal, de acordo co disposto no Decreto 60/2007, do 22 de marzo.

### **13. COMUNICACIÓN DE INICIO DOS CURSO**

#### Lugar, datas e forma de presentación da comunicación do inicio de curso

As entidades colaboradoras que foron autorizadas para impartir cursos en materia de experimentación animal deben comunicar á Agacal o inicio de cada unha das accións formativas.

No caso de que a entidade realice cursos de xeito simultáneo en dúas ou máis especialidades formativas, deberá presentar unha comunicación de inicio por cada unha das especialidades formativas que desexe impartir.



A dita comunicación deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos, de conformidade co establecido no artigo nº 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, <https://sede.xunta.gal/>, a través do procedemento xenérico PR004A, e cómpre dirixila á Agacal. A comunicación do inicio do curso debe ser recibida, como mínimo, 10 días hábiles antes do comezo da actividade.

#### Contido da comunicación previa ao inicio do curso

A comunicación do inicio do curso deberá conter a seguinte información:

- Nome da entidade.
- Nome, apelidos e DNI/NIE da persoa coordinadora do curso.
- Datas e horario da acción formativa:
  - Na modalidade presencial ou na modalidade de aula virtual:
    - Data inicio e data final do curso
    - Horario no que se impartirán as clases
  - Na modalidade de teleformación:
    - Datas na que permanecerá aberta a plataforma.
- Lugar onde se desenvolverán as sesións presenciais e URL da plataforma, usuario e contrasinal, das sesións telemáticas.
- Comunicación de calquera variación ou circunstancia que afecte as condicións que re-xen a homologación.

#### Documentación que debe acompañar a comunicación previa ao inicio do curso

Xunto á comunicación previa ao inicio do curso (segundo o anexo V "Comunicación previa ao inicio das accións formativas"), deberá enviarse a seguinte documentación:

- a) Arquivo de comunicación de inicio para accións de experimentación animal en formato .ods ou similar, publicado pola Agacal na súa páxina web <https://agacal.xunta.gal/gl/formacion/entidades-colaboradoras/imparticion-cursos>

Cabe lembrar que o número de persoas asistentes non poderá ser inferior aos/ás 5 alumnos/as nin superar os/as 30.

As entidades colaboradoras poderán efectuar unha ÚNICA modificación na relación de alumnos/as inicialmente comunicados e SEMPRE cunha anterioridade mínima de 3 días hábiles ao inicio do curso.





b) No caso de producirse variacións respecto da persoa coordinadora do curso, cadro do profesorado, plataforma dixital ou instalacións para impartir as clases teóricas ou prácticas desde a resolución de homologación da especialidade formativa, a entidade deberá achegar:

- Para a persoa coordinadora, a documentación sinalada na letra e) do apartado 12, agás no caso en que fose presentada con anterioridade.
- Para o cadro docente, a documentación sinalada na letra f) do apartado 12, agás no caso en que fose presentada con anterioridade.
- Para a verificación das instalacións ou plataformas dixitais:
  - Identificación do lugar de impartición das sesións presenciais achegando descrición gráfica, planos ou esbozos. Para o caso de sesións non presenciais, enderezo URL de acceso ao curso, nome do usuario e contrasinal.
  - Documento acreditativo de dispoñibilidade de instalacións onde se desenvolverán os cursos (contrato de alugueiro, cesión, escritura de propiedade do local onde se impartirán os cursos e/ou documento equivalente, no caso de modalidades total ou parcialmente non presenciais). **Quedan exceptuados desta xustificación as unidades propias da Consellería do Medio Rural, os centros do sistema universitario de Galicia e os centros oficiais que impartan formación profesional regrada da rama sanitaria, química ou agraria.**

A documentación sinalada respecto das instalacións, plataforma dixital e do cadro de profesorado tamén deberá ser presentada pola entidade se, no momento da inscrición no rexistro de entidades de formación en materia de benestar animal e/ou homologación da especialidade formativa, tivese achegado un compromiso de presentación posterior.

- c) No caso de emprego de animais vivos, documentación que acredite que a entidade dispón das instalacións necesarias para cumprir co disposto no artigo 16 da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo.
- d) Modelo de “Declaración responsable sobre a dispoñibilidade de medios e instalacións”, que se xunta a esta instrución (ver anexo III). O documento deberá ser asinado electronicamente polo representante da entidade.
- e) No caso de accións formativas nas que se impartan sesións presenciais, copia autenticada da póliza de seguros de responsabilidade civil referente ás instalacións onde se realizarán as actividades presenciais e da póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil que





cubra a totalidade do persoal docente e alumnado ([https://www.xunta.gal/oficina-de-registro-e-informacion/copias-electronicas-autenticas?langId=es\\_ES](https://www.xunta.gal/oficina-de-registro-e-informacion/copias-electronicas-autenticas?langId=es_ES)). O documento deberá ser presentado nos seguintes supostos:

- cando a entidade presentase de xeito previo o compromiso sobre a súa achega posterior;
- se a póliza foi renovada desde a súa presentación anterior;
- se a acción formativa se realiza en instalacións diferentes ás habituais.

Os documentos anteditos non serán esixibles no caso no que a totalidade das sesións impartidas fosen non presenciais, agás no caso no que o exame se realice nas instalacións da propia entidade.

**NOTA:** Alternativamente á copia autenticada sinalada nos parágrafos anteriores, a entidade poderá:

- Achegar unha copia das pólizas **asinadas electronicamente** pola compañía aseguradora ou, na súa falta, a copia das pólizas acompañadas dunha certificación emitida pola entidade aseguradora onde **quede claramente identificado o nº de póliza e se especifique, de xeito inequívoco, o prazo da súa vixencia**. Lémbrese que, para ser válida, a dita certificación **deberá ser asinada electronicamente** pola compañía aseguradora.
- Cubrir a declaración de veracidade respecto dos documentos presentados, no caso de que a compañía aseguradora encargada de emitir a/s póliza/s de seguro poña de manifesto a imposibilidade de expedir documentos cuxa autenticidade poida ser comprobada mediante unha sinatura válida.

**Quedan exceptuados da presentación da póliza de responsabilidade civil referente ás instalacións onde se realizarán as actividades presenciais as unidades propias da Consellería do Medio Rural, os centros do sistema universitario de Galicia e centros oficiais que impartan formación profesional regrada da rama sanitaria, química ou agraria.**

#### Informe do Departamento de Formación

Se a comunicación previa ao inicio do curso foi presentada en tempo e forma, o Departamento de Formación responderá á entidade cun informe que enviará por medios electrónicos a través da plataforma Notifica.gal. O informe fará constar:





- Que a entidade presentou a comunicación de inicio e que achegou a documentación necesaria para o inicio da acción formativa.
- Código do curso.

#### **14. COMUNICACIÓN DE FIN DO CURSO. REMISIÓN DAS ACTAS DOS CURSOS E EMISIÓN DE CAPACITACIÓNS INICIAIS NAS FUNCIÓNS "d", "e" E "f",**

Tras o remate de cada curso, a entidade remitirá á Agacal a acta de avaliación en soporte informático onde figurará a relación de persoas que superaron o curso. Ademais, no caso de emprego de animais vivos, indicárase a(s) especie(s) e o número empregado. A acta deberá estar asinada pola persoa coordinadora. A entidade poderá empregar o modelo "Acta de avaliación" que se xunta a esta instrución como anexo VI.

Para a emisión das capacitacións das funcións "a", "b" e "c", as persoas interesadas deberán cumprir os requisitos e seguir o procedemento descrito na INSTRUCIÓN AG/DF-EXP Nº 1/2024: Criterios que debe cumprir e procedemento que debe seguir na obtención da capacitación inicial o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, dispoñible na seguinte ligazón <https://agacal.xunta.gal/gl/formacion/carnes-diplomas-certificados-oficiais/benestar-animal-na-investigacion-e-docencia>.

A Agacal, logo da solicitude das persoas interesadas, emitirá os certificados de capacitación inicial daqueles/as alumnos/as que superasen os cursos de formación para as funcións "d", "e" e "f". A entidade realizará a dita petición actuando en representación do alumnado.

#### Prazo de presentación

A entidade deberá remitir dentro do mes seguinte ao remate do curso a documentación indicada.

#### Presentación

O procedemento farase exclusivamente por vía electrónica a través do formulario normalizado PR004A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. No destinatario indicar "Consellería do Medio Rural" e "Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)".

#### Documentación que cómpre presentar

Para todas as funcións:

Axencia Galega da Calidade Alimentaria  
Avda. do Camiño Francés nº 10 - Baixo  
15781 Santiago de Compostela  
[agacal@xunta.gal](mailto:agacal@xunta.gal)





- Acta de avaliación. A entidade poderá presentar o anexo VI de "Acta de avaliación", onde figurará a relación de alumnado e a súa cualificación.
- Follas de asistencia (anexo VII) para sesións presenciais e/ou rexistro de conexións para sesións non presenciais

Ademais do anterior, e para o caso das funcións "d", "e" e "f":

- Documento acreditativo da representación exercida polas entidades que imparten cursos respecto dos/as asistentes con dereito á expedición do certificado de capacitación. As entidades poderán empregar o modelo de pluralidade de persoas solicitantes da capacitación nas funcións "d", "e" ou "f" que se xunta nesta instrución (anexo VIII).

**NOTA:** De non ser posible reunir as sinaturas de todas as persoas interesadas nun mesmo documento, a entidade poderá obter o outorgamento da representación individualizada e de xeito previo á presentación da solicitude de expedición do/s certificado/s, a través do modelo xenérico dispoñible na seguinte ligazón:

<https://sede.xunta.gal/ficheiros/modelos-normalizados/Representacion-G.pdf>

- Xustificante de cada alumno/a de ter aboadas as taxas para a obtención do Certificado de Capacitación.

#### Emisión de diplomas no caso das funcións "a", "b" e "c"

Unha vez revisada a documentación, e no caso de ser correcta, a Agacal comunicará a súa conformidade á entidade para que esta emita os diplomas correspondentes.

#### Emisión de certificados de capacitación inicial no caso das funcións "d", "e" e "f"

A Agacal disporá de tres meses para emitir os certificados de capacitación.

Unha vez revisada a documentación e no caso de ser correcta, a Agacal emitirá os correspondentes certificados de capacitación inicial que serán enviados por medios electrónicos a través da plataforma Notifica.gal. Unha vez recibidos, a entidade será a responsable da remisión ás persoas interesadas.

#### Pagamento da taxa para a obtención da capacitación inicial nas funcións "d", "e" e "f"

O pagamento da taxa poderase realizar a través dalgún dos seguinte medios:

- a) Accedendo á ligazón: <http://www.atriga.gal/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/taxas-e-prezos>

Axencia Galega da Calidade Alimentaria  
Avda. do Camiño Francés nº 10 - Baixo  
15781 Santiago de Compostela  
[agacal@xunta.gal](mailto:agacal@xunta.gal)





- b) Acudindo a unha das entidades financeiras colaboradoras onde lle facilitará o impreso de autoliquidación para o pagamento da taxa de cada unha das persoas interesadas.

Deberá aboarse unha taxa por cada persoa solicitante.

Os códigos que cómpre indicar para realizar o pagamento son os seguintes:

- Consellería: Medio Rural (código 09)
- Delegación: Servizos Centrais (código 13)
- Servizo: Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) (código 17).
- Taxa: Funcionamento e rexistro de entidades colaboradoras en materia de formación agroforestal e de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia (código 31.04.07).
- O importe que cómpre ingresar poderase consultar no anexo II. Taxa por servizos profesionais: modalidades administrativo-facultativas, que se atopa na seguinte ligazón (código 31.04.07.04): <https://www.atriga.gal/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas>

Unha vez realizado o pagamento, xérase un xustificante onde figuran os códigos previamente indicados. Este documento deberase presentar xunto coa solicitude. NON confundir co recibo de pago con tarxeta.

## 15. ANEXOS

Anexo I: (Solicitude)

Anexo II: Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas

Anexo III: Declaración responsable sobre a dispoñibilidade de medios e instalacións

Anexo IV: Compromiso de presentación da documentación con anterioridade ao inicio da acción formativa

Anexo V: Comunicación previa ao inicio das accións formativas

Anexo VI: Acta de avaliación

Anexo VII: Follas de asistencia

Anexo VIII: Pluralidade de persoas solicitantes (capacitación nas funcións "d", "e" ou "f")



**COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS  
[MR560A] – [AUTORIZACIÓN DE ENTIDADES QUE IMPARTEN CURSOS DE CAPACITACIÓN DE PERSOAL QUE TRABALLA CON ANIMAIS PARA EXPERIMENTACIÓN E  
OUTROS FINS CIENTÍFICOS, INCLUÍDA A DOCENCIA]**

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e presentar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	COMPROBACIÓN DE DATOS		SINATURA
		Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas	OPÓÑOME Á CONSULTA	
		DNI ou NIE Títulos oficiais universitarios	o o	
		DNI ou NIE Títulos oficiais universitarios	o o	
		DNI ou NIE Títulos oficiais universitarios	o o	
		DNI ou NIE Títulos oficiais universitarios	o o	
		DNI ou NIE Títulos oficiais universitarios	o o	
		DNI ou NIE Títulos oficiais universitarios	o o	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que coa sinatura do presente escrito a entidade responde da autenticidade da sinatura das persoas interesadas.
2. Que o documento orixinal obra no poder da entidade solicitante e estará á disposición da Administración durante o período de validez do documento expedido, de conformidade coa normativa que, en cada caso, lle sexa de aplicación..

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

Lugar e data

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_



**ANEXO III**
**DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DE MEDIOS E INSTALACIÓNS**

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

**A PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE DECLARA:**

1. Que a entidade solicitou perante o órgano competente da C. A. de Galicia a homologación para impartir a seguinte especialidade formativa:

<input type="radio"/>	Función "a", coidado dos animais
<input type="radio"/>	Función "b", eutanasia dos animais
<input type="radio"/>	Función "c", realización dos procedementos
<input type="radio"/>	Función "d", deseño dos proxectos e procedementos
<input type="radio"/>	Función "e", responsable da supervisión <i>in situ</i> do benestar e coidados dos animais
<input type="radio"/>	Función "f", veterinario designado

2. Na modalidade indicada a continuación:

<input type="radio"/>	Presencial
<input type="radio"/>	Teleformación
<input type="radio"/>	Aula virtual

3. Que o persoal docente co que conta cumpre cos requisitos establecidos na instrución relativa á homologación de especialidades formativas e comunicación de inicio previa á impartición de cursos de formación para a capacitación inicial do persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia.

4. Que as instalacións onde se van impartir as sesións presenciais reúnen as condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade, de seguridade e de supresión de barreiras arquitectónicas establecidas pola normativa vixente, garantindo, en todo momento, a seguridade do alumnado e profesorado asistente aos cursos.

<b>DATOS DA INSTALACIÓN</b>					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA			LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
REFERENCIA CATASTRAL	DATA FIN DA VIXENCIA DA DISPOÑIBILIDADE		RELACIÓN COA PROPIEDAD		
	/ /		<input type="radio"/> Propiedade	<input type="radio"/> Convenio	<input type="radio"/> Alugueiro
			<input type="radio"/> Cesión		

<input type="checkbox"/>	As aulas contan cunha capacidade suficiente para albergar o alumnado e o persoal docente respectando unha superficie mínima por posto, de un metro e medio cadrado
